



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA, DATA DO PROCESO SELECTIVO E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA COMO AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Vista a Orde do 18 de setembro de 2019 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019,

Resultando que o artigo 14.2 da citada Orde establece que os AEDL e as AEDL seleccionaranos as entidades beneficiarias das subvencións logo da presentación de oferta na oficina da rede pública de oficinas de emprego da Xunta de Galicia correspondente ao seu domicilio, entre demandantes de emprego desempregados ou coa tarxeta de mellora de emprego, inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia,

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía nº 621/2019 de data 12.12.19 presentouse oferta de emprego no Servizo Público de Emprego para contratar unha persoa como AEDL do concello de Cedeira,

Vista a Providencia desta Alcaldía de data 18 de decembro de 2019 pola que se propoñen as bases reguladoras do proceso selectivo dun Titulado Medio ou Superior de entre os candidatos enviados polo Servizo Público de Emprego para a contratación dun/ha AEDL mediante concurso- oposición,

Visto o informe emitido pola Secretaría accidental en data 18 de decembro de 2019,

Visto o informe de Intervención de data 20 de decembro de 2019,

Considerando que ao abeiro da Orde do 18 de setembro de 2019 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019 a percepción de dita subvención está sometida, entre outras, á condición de realizar a contratación para o servizo obxecto da subvención no ano 2019 polo que urxe a resolución deste proceso selectivo.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Entre os candidatos proporcionados polo Servizo Público de Emprego aplicaranse os seguintes criterios de selección:

A) FASE DE OPOSICIÓN: máximo de 22 puntos

1.- De carácter obrigatorio e eliminatorio: Consistirá na exposición por escrito dun tema proposto pola Comisión seleccionadora relacionado co temario incluído no anexo I, e cunha duración máxima de 1 hora e media. A Comisión seleccionadora poderá determinar que o exercicio deba ser lido por parte dos candidatos. Neste exercicio valoraranse os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición. Será calificado cunha puntuación de **0 a 20 puntos** sendo necesario para superar a proba un mínimo de dez puntos.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*





2. Entrevista curricular: A Comisión seleccionadora realizará unha entrevista curricular a todos os aspirantes coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo. A Comisión preguntará sobre aspectos do currículo, así como cuestións relativas ás funcións a desempeñar no posto de traballo, a súa actualización de coñecementos e o coñecemento do municipio, así como cuestións relacionadas co temario do anexo I, podendo otorgar ata un máximo de **2 puntos**.

B) FASE DE CONCURSO: máximo 10 puntos

1.- Por cada mes de servizo nunha Administración Pública desempeñando postos de traballo como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. **0,10 puntos por mes cun máximo de 7,5 puntos**. Debe aportarse copias dos contratos de traballo que inclúan a descrición do traballo realizado ou ben certificado de servizos prestados acompañados de vida laboral actualizada.

2.- Pola realización de cursos relacionados coas funcións a desenvolver e que fosen realizados ou homologados por un organismo ou Administración Pública:

- 0,25 por cada curso igual ou superior ás 30 horas.
- 0,50 por cada curso igual ou superior ás 50 horas.
- 1 punto por cada curso igual ou superior ás 100 horas.

O máximo de puntuación será de **2 puntos**.

3.- Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 3 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: **0,25 puntos**.

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 4 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: **0,5 puntos**.

Só se valorará o de maior puntuación.

Os/as aspirantes que non acrediten estar en posesión do Celga, deberán realizar un exercicio que demostre o coñecemento da lingua galega. O exercicio evaluarase de **0 a 0,5 puntos**.

Os méritos deberán ser acreditados documentalmente con copias dos documentos e do certificado Celga, que deberán ser entregadas polos/as aspirantes no Rexistro municipal do Concello (Rúa real nº15), xusto ao rematar a fase de oposición.

Segundo.- A comisión seleccionadora estará formada por:

PRESIDENTE:

María del Mar Antón Brage

VOGAIS:

Ángeles Fernández Fernández

Manuel Larrosa Rodríguez

Benigno Pérez García

SECRETARIA:

María del Mar López Pérez

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





PERSOAL COLABORADOR:

Francisco Javier Zunzunegui Vázquez

Terceiro.- Convocar para o día 27 de decembro de 2019 ás 9:00 horas aos membros da comisión seleccionadora nomeados nesta resolución para o desenvolvemento do proceso selectivo dun/ha axente de emprego e desenvolvemento local.

Cuarto.- Realizar chamamento telefónico ós candidatos remitidos pola Oficina de Emprego de Ferrol-Esteiro para:

- convocalos para o día 27 de decembro de 2019 ás 9:30 horas na Casa Consistorial sita na rúa Real nº15, Cedeira para a realización na mesma data, dada a urxencia na resolución deste procedemento selectivo, da fase de oposición (exame e entrevista curricular) e, de selo caso, proba de coñecemento da lingua galega.
- requiririlles para que na mesma data presenten a documentación acreditativa dos méritos alegados de acordo co establecido no punto primeiro, apartado B

Quinto.- Unha vez rematada a selección, o Alcalde á vista da proposta da comisión seleccionadora ditará Resolución acordando a contratación temporal por obra ou servizo determinado dun/ha axente de emprego e desenvolvemento local ó 100% da xornada.

ANEXO I

Temario

1. Procedemento administrativo común.
2. A figura do axente de emprego e desenvolvemento local.
3. Promoción e dinamización económica. Normativa de subvencións.
4. Coñecemento do concello de Cedeira.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Francisco Javier Zunzunegui Vázquez, como Secretario accidental, dou fe.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

